

A VIAXE DA AUGA

A Terra ten sempre a mesma cantidade de auga, aínda que ás veces nos dá a impresión de que a auga aparece e desaparece.

O que acontece é que a auga está constantemente en movemento repartíndose por distintos lugares do planeta:

- Os **ríos** levan auga pola superficie terrestre até vertela ao mar. Levan máis ou menos auga segundo a estación.



- As **nubes** fórmanse, van duns sitios a outros, desaparecen, producen precipitacións (**choivas**).



- As **masas de neve** e xeo fórmanse durante o inverno e derrétense en épocas cálidas.



- As **augas de chuva** filtranse baixo a Terra e aparecen en fontes e mananciais...



A estes continuos movementos e cambios naturais que experimenta a auga na Terra chamámoslle


CICLO DA AUGA.

1. Mira este vídeo.

2. Como se chaman estes fenómenos atmosféricos?



solleira




lóstregos



arco da vella


masa de neve



precipitacións

nubes e claros

vento



CICLO DA AUGA



O ciclo da auga consta de varios procesos que suceden, en diferentes lugares da Terra, constantemente e ao mesmo tempo. Son os seguintes:


❶ **Evaporación** ou **paso do vapor de auga** á atmósfera. O calor do sol fai que a auga superficial se transforme en vapor e ascenda á atmósfera. Os seres vivos, en especial as plantas, tamén envían vapor de auga á atmósfera, isto chámase **transpiración** (que é coma se sudasen).

❷ **Condensación** ou **a formación de nubes**. O vapor de auga da atmósfera arrefría ao ascender e transfórmase en grandes grupos de pingas de auga líquida; son as nubes.


❸ **AS precipitacións**. A auga das nubes cae á superficie en forma de chuvia, neve ou xarabía.

❹ **A circulación da auga subterránea**. Unha parte da auga líquida que cae nas precipitacións ou da que se produce cando se derreten as masas de neve e xeo, fíltrase baixo terra formando auga subterránea.

❺ **A circulación de auga pola superficie terrestre**. Outra parte da auga da superficie terrestre corre polos ríos e regueiros até os lagos e até os mares e océanos.



3. Mira o vídeos.




Impulsado polo sol, **o ciclo da auga** nunca se detén.

A auga non permanece sempre nos mesmos lugares; podemos observar a auga cando chove ou neva, cando discorre polos ríos ou fervezas.

Tamén podemos observar como co paso do tempo a auga se evapora dos charcos, das lagoas ou pantanos. Inda que nalgúns lugares a auga tarda centos de anos en cambiar de estado ou de lugar (nas rexións polares a auga está conxelada por exemplo).

4. Pero... de onde ven a auga e a onde vai?

Obserba a imaxe para poder sábelo!



5. Contesta a estas preguntas sobre os **cambios de estado da auga**.

O paso da auga de estado líquido a gaseoso chámase _____

A solidificación prodúcese cando a auga _____

Cando se enfía o vapor de auga e pasa a líquido chámase _____

Cando a auga en estado sólido pasa a líquido chámase _____

5. Tarefa final:


EXPERIMENTO

Materialles

- 1- Bolsa ziploc de plástico con peche hermético.
2. Permanente negro
3. Un cuarto de vaso de augua.
4. Colorante alimentario azul. (si non temos no pasa nada)..
5. Cinta adhesiva/celo.

Procedimientlo

- 1- Deluxa na bolsa un SOL e unha NUBE.
2. Pon un par de gotas de colorante azul (se non o tes non pasa nada!).
3. Vota a auga na bolsa e péchaa.
4. cinta o el celo pega la bolsa a una ventana donde le de el sol.
5. Espera al menos unos 30 minutos (media hora) y observa lo que ocurre.




Obxectivo

Ser capaces de ver a relación que ten o sol e os cambios de estado da auga que ocorren na natureza.



Podedes ver un vídeo de como se fai aquí:



Este é o meu **experimento**!

